

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE DECLARA DESERTO O CONTRATO

**Expediente:** CONC180101- Construción e explotación dunha Área de servizo á altura do PQ 80 da Autoestrada AG-53. Alto de Santo Domingo - A-52, na súa marxe esquerda. Termo municipal de Maside. Provincia de Ourense

**Tipo de expediente:** concesión de obra pública

**Procedemento de contratación:** Aberto multicriterio. Non suxeito a regulación harmonizada

**Asunto:** Resolución pola que se declara deserto o contrato.

### ANTECEDENTES

1. Con data do 28 de febreiro de 2018 aprobaronse os Pregos e autorízase a apertura do procedemento de adxudicación do expediente de referencia ao amparo do establecido no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro
2. O 6 de marzo de 2018 publícase no DOGA o anuncio de licitación desta concesión de obra, a través de Resolución da Presidencia da Sociedade. Así mesmo se lle dá publicidade no DOUE, Plataforma de contratación da Xunta de Galicia, prensa escrita e no Perfil de Contratante de SPI-Galicia.
3. Rematado o prazo de presentación de ofertas e segundo se pon de manifesto no Certificado de Rexistro non se presentou ningún licitador para participar neste concurso.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. Segundo o disposto no artigo 151.3 do TRLCSP donde se establece que non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible dacordo cos criterios que figuren no prego, deducíndose o sentido contrario que si se poderá declarar deserta unha licitación cando non se teña presentado ningunha oferta

De acordo con todo o indicado a Presidencia de SPI-Galicia **RESOLVE:**

1. Declarar DESERTA a adxudicación do contrato de concesión de obra pública de referencia.
2. Que se proceda á publicación da presente resolución no Perfil de Contratante de SPI-Galicia.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018

O Presidente de SPI-Galicia, S.A.



Francisco Menéndez Iglesias